

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 10 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, polo que se notifica a resolución de caducidade do procedemento de transmisión da autorización como xestor de valorización de residuos non perigosos (aceites vexetais) (expediente 2018-SC-M-00288).

De conformidade co disposto nos artigos 44 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de ser intentada sen éxito a notificación do acto administrativo que se relaciona no anexo sen que fose posible, por causas non imputables á Administración, notifícasele ao titular que se sinala no anexo deste anuncio a resolución de caducidade do procedemento de transmisión de autorización.

Para coñecer o contido íntegro do acto que se notifica, o interesado, ou o seu representante debidamente acreditado, poderá comparecer, no prazo de dez (10) días contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*, nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, Servizo de Resíduos, sitas no edificio administrativo, rúa de San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Unha vez transcorrido o prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación enténdese producida ao vencer o prazo indicado para comparecer.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2020

María Cruz Ferreira Costa
Directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

ANEXO

Expediente: 2018-SC-M-00288.

Titular: Sánchez Romero, Valeriano Óscar.

NIF: 52451930Q.

Acto notificado: resolución de caducidade do procedemento de transmisión de autorización.

Data do acto administrativo: 16.6.2020.

